

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CERDIDO

Aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais

ANUNCIO

Aprobación do Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cerdido

Publicado na sede electrónica do concello

Decreto da Alcaldía Núm.198/2019

Data: 08/11/2019

Antecedentes de feito

Con data 28 de maio de 2019, Seaga, en virtude do establecido no devandito Convenio de Colaboración, remitiu ao Concello de Cerdido o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Cerdido elaborado pola Seaga en maio de 2019.

Informe favorable sobre o plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Cerdido asinado o día 23/09/2019 polo subdirector xeral de Prevención, da Dirección xeral de defensa do Monte da Xunta de Galicia.

Ao abeiro do establecido no artigo 82 da Lei 39/2015 iniciouse un trámite de audiencia pública anunciada no BOP do día 08.10.2019 e na sede electrónica do Concello por prazo de vinte días sen que sen que produxera ningunha alegación. anunciado no BOP do día 08.10.2019 e na sede electrónica do Concello.

Lexislación aplicable

Artigo 16.5 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Esta Alcaldía acorda:

Primeiro: Aprobar o plan municipal de prevención de incendios do Concello de Cerdido, informado favorablemente o día 23.09.2019 pola Consellería do Medio Rural.

Segundo: Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 procede publicar no Boletín Oficial da Provincia a Resolución de aprobación do Plan Municipal de Prevención de Incendios, así como na sede electrónica do Concello de Cerdido.

RECURSOS: Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer **potestativamente o recurso de reposición** ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte o da súa notificación ou ben o **recurso contencioso-administrativo** ante o **Xulgado do contencioso-administrativo de Ferrol** no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a da súa notificación, sen prexuízo de interpoñer os recursos que estime máis axeitados.

Cerdido, 12 de novembro de 2019

O Alcalde,

Benigno Galego castro

2019/9121